

IV XORNADAS

*divulgativas sobre o papel da muller no sector
pesqueiro e conserveiro: Mulleres de Cine*

Na procura de salientar o papel estratéxico da muller no sector extractivo e transformador dos produtos do mar, FUNDAMAR e a Fundación Clúster de Conservación de Produtos del Mar poñemos o foco, nesta ocasión, no protagonismo da muller do mar dende a perspectiva do cine, afondando no atractivo dese rol social para os creativos audiovisuais.

Dende unha mirada calidoscópica e dende a linguaxe da poesía visual, do documental e da ficción, tentamos achegarnos ás nosas protagonistas baixo o prisma dos ollos: dun home cineasta, dun conserveiro, dunha muller cineasta e tamén dende a súa propia mirada, pois elas tamén poden narrar e documentar as súas vivencias.

OBXECTIVOS

- Dar visibilidade ao papel da muller do sector extractivo e transformador no pasado, o presente e o futuro.
- Poñer en relevo a importancia do papel da muller no sector mar-industria para reivindicar as súas achegas e a toma de conciencia do seu protagonismo.
- Valorizar a importancia da muller como icona obreira da Revolución Industrial en Galicia, imaxe nunca representada.
- Valorizar e reivindicar o papel transformador das traballadoras e as súas achegas, a través da súa propia linguaxe.
- Fomentar que elas conten e narren en primeira persoa a súa experiencia vital e o seu labor. Que sexan protagonistas e tomen a iniciativa aínda que xa non estean en activo.
- Que sexan inspiración para creadores e que as tomen como protagonistas.
- Conocer e amosar a realidade das mulleres pioneiras; empresarias e mulleres do mar, mulleres metidas nos tradicionais roles masculinos e a súa experiencia como impulsoras para romper barreiras.
- Divulgar e valorizar o papel feminino dos oficios do mar.



SEREAS
"as mulleres do mar"

Organizan:



FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo

Colabora: Concillería de
Igualdade - Concello de Vigo

CONCELLO
DE VIGO





JUAN V. B. DE SOUSA

A Fundación Clúster de Conservación de Productos del Mar a través do Museo ANFACO, é un axente divulgador da historia do traballo da muller no mar. A súa mensaxe narrativa céntrase na figura da muller, protagonista e sustentadora dunha industria na que ocupaban o 80% dos postos laborais. A ocupación feminina do mar axudou, sen dúbida, á autonomía da muller.

Nas anteriores Xornadas afondamos na visión histórica e na actualidade das profesións femininas do mar; agora, achegámonos a outras linguaxes que abranguen dende a ficción ao documental, da man de cineastas como Álvaro Gago e o seu multipremiado *Matria*, acompañada por Alejandro Daporta, que cedeu como platá as instalacións da Conserveira Daporta en Cambados; da man tamén de Xisela Franco, que documentou a desaparición da derradeira batea de ostra da ría de Vigo, e de Cruz Piñón, youtuber premiada, ex-conserveira e realizadora.

A Fundación de ANFACO-CECOPECA e FUNDAMAR, como entidades sensibilizadas coa realidade das mulleres traballadoras do mar, e co firme compromiso de colaborar en accións divulgativas que impliquen os sectores extractivo e transformador dos produtos do mar, crearon a marca SEREAS, ao servizo da divulgación destas traballadoras maríñas, que procurará salvaguardar a memoria da muller para poder contar a historia do mar en clave de xénero, un rexistro feminino dos traballos do mar.



JAVIER T. TOUZA

A Fundación para la Pesca y Marisqueo, FUNDAMAR, constituída en Vigo no ano 2010, é a única organización dentro do sector pesqueiro cunha representación paritaria de empresarios e sindicatos, conformando deste xeito a maioría da representación no ámbito social e económico da pesca marítima e o marisqueo na Comunidade Autónoma de Galicia.

FUNDAMAR, desde a súa constitución, desenvolve a súa actividade ao redor de catro áreas de traballo: a seguridade e saúde laboral, a formación e promoción, a sustentabilidade e as cuestións de xénero, co obxectivo de contribuir á visibilización, empoderamento e valorización do papel da muller, necesario para acadar que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva. Durante este 2018, proxectos como REDMAR II, para o fomento da empregabilidade das mulleres na pesca de altura e grande altura, ou PUNTADA INVISIBLE, mostra audiovisual da realidade das redeiras do berbéis que acadou recentemente o primeiro premio da 'International Association for Women in the Seafood Industry', son exemplos do compromiso da Fundación nas cuestións de xénero que afectan ao sector.

Mostras deste compromiso é a creación no 2017 da marca SEREAS entre FUNDAMAR e a Fundación de ANFACO-CECOPECA, que con estas IV Xornadas abordaremos, desde unha óptica moi innovadora, o papel da muller no sector pesqueiro para o sector audiovisual.



XISELA FRANCO

Xisela Franco é investigadora, artista e cineasta con prolífica traxectoria no documental. Licenciada en Comunicación Audiovisual e posteriormente en Filosofía na UEM (Madrid), en 2006 cursa cunha bolsa nun MFA no Canadá en York University, onde finalmente dá clases como TA ao profesor John McCullough. Ali vive catro anos nos que conecta coa vangarda experimental canadense. Regresa a Galicia para formar parte dun momento único do audiovisual galego. O seu traballo, a cabalo entre o cinema e a arte contemporánea, procura decote novos camiños da expresión audiovisual, cuestionando a propia identidade do cinema para revisalo e redefinilo. A súa obra percorreu museos, galerías e festivais de cinema internacionais.

A última batea

Un *work in progress*, o documental achéganos a Eugenia e a súa batea en San Adrián de Cobres. A través dunha mirada poética, coñecemos a súa protagonista e despedímonos da derradeira batea de ostra da ría de Vigo.



ÁLVARO GAGO

Álvaro estuda comunicación e música en Pontevedra, teatro en Chicago e cinema na London Film School, na que se gradúa no 2013 coa curtametraxe *Curricán*, gañadora do premio á mellor dirección en Curtacircuíto e á mellor película no Festival de Cans. En Londres establececese como director e montador, e compaxina o seu traballo coa impartición de clases na Young Film School e a organización do Galician Film Forum.

A súa última curta, *Matria*, gañou o gran premio do xurado no Festival de Sundance 2018. Este mesmo ano realiza a montaxe de *Trote*, a primeira película de Xacío Baño, que ten a súa estréia no Festival de cine de Locarno e no Festival de San Sebastián. Actualmente está montando *In Memoriam*, a segunda película de Marcos Merino; está comezando a preproducir a súa próxima curta de ficción, *16 de Decembro*, e escribindo o guión da súa primeira longametraxe titulada provisionalmente *Algo parecido á felicidade*.

Matria

Ramona vive co seu marido, con quen apenas se comunica, e traballa nunha fábrica de conservas gobernada por unha encargada tirana. Ante os desafíos que lle presenta a súa rutina diaria, Ramona trata de refuxiarse na relación que a une á súa filla e a súa neta.



ALEJANDRO DAPORTA

Dende 1940, Conservas Daporta, empresa familiar situada na desembocadura do Umiá en Castrelo (Cambados), especializouse na fabricación de conservas de mariscos de gran calidade. O coitado minucioso e a elaboración artesanal son dous elementos clave no negocio familiar, que aínda mantén as velhas estruturas da vivenda acaroada á labruga.

O traballo nesta conserveira segue a ser moi tradicional, respecta o medio ambiente e selecciona o produto só na tempada de marisqueo natural; por iso limita a súa capacidade produtiva a uns centos de latas de gran calidade. A conserveira Daporta é onde se desenvolve parte da curtametraxe *Matria*.



CRUZ PIÑÓN

Cruz Piñón (Ferreira, 1953) xunto con Carmen Bouza (Lamas, 1948), Carmen Couce (Lamas, 1949), Consuelo Picos (Agrexafeita, 1945) e Lucita Pita (Naraio, 1937), todas veteranas colaboradoras do proxecto *Falame de San Sadurniña*, no ano 2015, co obxectivo de difundir e compartir o coñecemento e a experiencia das mulleres nos traballos do campo. Na súa canle de Youtube (*Arredor de setenta videos publicados*) dan a coñecer os labores agrícolas ensinando truco e tarefas tradicionais da agricultura galega. O proxecto acadou un grande éxito nos medios, con 459.000 visualizacións e 1.800 subscritores/os, e xa recibiu unha morea de premios e recoñecementos como 'Mellor web serie en VO' no Carballo Interplay, 'Mellor video-opinamos' en YouTube@rs, ou o premio como 'Mellor iniciativa cultural dirixida a persoas maiores', outorgado pola Fundación DomusVI, de Madrid, entre outros moitos recoñecementos; é considerado xa un referente na rede.

Historia do cisne, o atún e a tróita

Historia do cisne, o atún e a tróita é un anaco de historia viva que representa integramente o concepto do "cine de memoria social", pois foi deseñado e producido polas propias protagonistas que viviron o relato contado. A peza —gravada cos seus móbiles— aparece vertebraada en tres bloques que aluden á historia do proceso. O primeiro, "o cine", aborda os comezos da empresa e o que representaba o día a día na factoría. O segundo, "o atún", mira arredor da materia prima en que se sustentaba o actividade do fábrica, o enlatado do atún procedente do océano Pacífico. O terceiro e último bloque, "a tróita", é o detonante que levou ao peche da factoría: a contaminación que provocou a mortalidade masiva das tróitas do río Xuvia e da súa riqueza piscícola, así como a loita obrreira para frear o peche inevitable. Mais as nosas cineastas veteranas insisten, sobre todo, no que supuxo aquela experiencia para o empoderamento das mulleres no San Sadurniño dos orixes.

